

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

LECTURA POÉTICA NA UB O MÉRCORES 12 DE MARZO ÁS 11:30

Luz Pozo Garza: "Esta son eu agora e vexo o mundo"

Intervencións no Congreso Escritores-Profesores e na Universidade de Barcelona.

Redacción - 21:31 09/03/2008

A académica da RAG e a escritora Luz Pozo Garza participan no I Congreso Escritores-Profesores que, en homenaxe ao poeta Antonio Machado, se celebra nas cidades que marcan o itinerario vital do poeta. Durante a súa estadía en Barcelona ofrecerá unha lectura poética da súa obra na UB, presentada por Olivia Rodríguez, profesora de teoría da literatura na Universidade da Coruña. O acto, organizado por Filologies Gallega i Portuguesa e mais o Centre Dona i Literatura, será presentado por Basilio Losada, amigo persoal da escritora, ademais de antólogo dalgúns dos seus poemas para edicións españolas de poesía galega contemporánea.

[Luz Pozo Garza](#) (Ribadeo, 1922) é unha das poetas galegas máis destacadas da poesía galega desde a postguerra. Directora das revistas *Nordés* e *Clave Orión*, colaborou en como crítica literaria e como creadora en *Ínsula* e *Grial*. Entre os seus libros cómpre salientar *Códice calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992), *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Medea en Corinto* (2002) e *As arpas de Iwerddon* (2005).

Lectura poética "Esta son eu agora e vexo o mundo"

Luz Pozo Garza, presentada por Olivia Rodríguez

Mércores 12 de marzo ás 11.30 h

Aula 103B -Edifici Històric

Facultat de Filologia - Universitat de Barcelona

Gran Via de les Corts Catalanes, 585 | 08007 Barcelona

Asistencia aberta.